CONCELLO DE Bergondo

ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2027

www.bergondo.gal

concellodebergondo

conbergondo

conbergondo

Un ano máis o Concello de Bergondo volverá a contar cuns orzamentos participativos. Con esta ferramenta buscamos darle voz á veciñanza para que aporte as súas ideas, demandas ou necesidades de cara a elaboración dos presupostos para 2027.

O fin é recoller as vosas ideas para a actuación do Concello. Buscamos propostas de investimentos ou gastos que sexan viables e sempre cunha vocación de interese xeral. Despois, analizarémolas para escoller a máis acaída e incorporar ese investimento, que poderá ter un máximo de 100.000 euros, ás partidas para o próximo exercicio. Ademais, outro tipo de propostas que poidan ser interesantes pero que non se adecúen á natureza deste proceso serán tidas en conta para outros plans de investimento. No caso de que sexan suxestións de mantemento tomaremos nota para executalas.

Os orzamentos participativos forman parte dun conxunto de accións encamiñadas a dotar ao Concello de Bergondo cada vez de maior transparencia e de facilitar aos veciños e veciñas a oportunidade de expresar as súas inquedanzas.

Queremos continuar facendo Bergondo xuntos, por iso contamos coas túas achegas para planificar un futuro que ten que ser de todos. Súmate e participa. Lembra que Bergondo, contigo, é mellor.

Que propoñer?

- Obras de interese xeral ou parroquial.
- Novas iniciativas a desenvolver polo Concello.

Como participar?

- Cubre o formulario do anverso e entrégao no Rexistro, a través da sede electrónica, nos buzóns dos centros sociais ou por correo electrónico a correo@bergondo.gal

Propostas

- Recepción ata o 23 de outubro.
- O 30 de outubro publicarase a resolución na web municipal.

Premios

Bonos para gastar no comercio local:

- Proposta escollida: 100 €.
- As seguintes 6 mellores: 50 €.

FORMULARIO DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

Nome e apelidos: _____ Idade: _____

Parroquia: _____ Correo: _____ Tfno.: _____

Representa a un colectivo? ☐ Non ☐ Si (Indica a cal) _____

Título da proposta: _____

Descrición da proposta:

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmaselle que o CONCELLO DE BERGONDO, con CIF P1500800F e domicilio en CARRETERA DA CORUNA 12 15165, BERGONDO (A Coruña) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario serán incorporados a departamento correspondente á cal vaia dirixida a presente solicitude. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art.6.1 e) do RXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello" Os datos serán tratados de manera confidencial e só serán cedidos a otras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar mas información mediante correo electrónico á dirección dpd@bergondo.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Bergondo incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante.
Pode obter más información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/

CONCELLO DE Bergondo